


OS ANCARES (ETNOGRAFÍA)

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: variable, segundo o punto de partida

Dificultade: baixa

Duración: unha xornada (mínimo)

Falar dos Ancares é falar de montaña na Galiza, por elevación, illamento e riqueza natural e etnográfica; e calquera destes aspectos pode servir de motivación para achegarse a eles: para coñecer as súas poboacións, as súas características e as súas circunstancias; para achegarse ou percorrer os seus cumes e gozar da maxestuosidade das súas formas e a grandiosidade das súas paisaxes; para ver de preto as formacións botánicas que acolle (fragas e devesas, matogueiras, prados de montaña)...

A área coñecida como os Ancares é unha ampla zona compartida con León e Asturias que ten como eixo a serra dos Ancares e as prolongacións da mesma cara ao leste e ao oeste, que na Galiza se estenden ata a o río Navia (Barreiro, Surcio, Liñares, Murias, Brañal, Corneantes, Granda de Roxo, Agulleiro, Fiosa, Pando, Maseira e Cortella).

As serras acadan case os dous mil metros altura e delas baixan numerosos regos que verten ao Navia, polo oeste a eo Sil polo leste. Os Ancares teñen clima oceánico de montaña con invernos moi fríos e veráns frescos, son zona de contacto entre as rexións atlántica e mediterránea e límite occidental de distribución de numerosas especies animais e vexetais.

A pesar das súas duras condicións son áreas habitadas desde a prehistoria como o atestiguan os numerosos restos arqueolóxicos atopados. Na actualidade o uso principal das terras é o agrícola, gandeiro e forestal.

Polos seus valores forma parte da rede Natura 2000 no LIC "Os Ancares-O Courel" e parte do concello de Cervantes está protexido como Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) pola gran cantidade de especies pouco comúns e sensibles que se atopan na zona. Ademais os Ancares lugueses e os montes de Navia foron declarados Reserva da Biosfera pola UNESCO, en outubro de 2006. Acolen importantes valores xeolóxicos (vales glaciares, canóns, fervenzas), ecolóxicos (diversidade de ecosistemas entre os que destacan as grandes fragas), etnográficos (pallozas, hórreos, núcleos tradicionais, pontes, alvarizas, muíños) e histórico-artísticos (castros, igrexas, castelos...).

As dimensións e a riqueza deste espazo non poden ser recollidos nunha soa viaxe. Neste traballo recolleemos o máis chamativo e curioso para unha primeira visita sen botarse ao monte: a parte etnográfica.

Unha viaxe aos Ancares non é unha viaxe para unha soa vez. Nós, que estivemos alí xa hai máis de 30 anos, seguimos volvendo cada pouco, para percorrer novos lugares, para ver cousas novas, para volver sobre as cousas vistas... porque todo muda co cambio das estacións e co paso do tempo.

COMO CHEGAR:

Pódese acceder desde A Pobra de Navia (Navia de Suarna), Becerreá ou Pedrafita do Cebreiro (cruzando a serra ou por Ambasmestas e Balboa, en León.)



Xantes no inverno e na Primavera.

Os cambios de estación alteran de maneira notable a fisonomía da paisaxe dotándoa de novos matices, atractivos e contrastes.



Labrando nos Ancares. (1980 aprox) A vida só é posible se se atopan solucións aos problemas que plantexa. Nos tempos nos que aínda non se popularizara a maquinaria agrícola, cando era preciso, adoptábanse solucións á medida



Os Ancares desde Becerreá

AS PALLOZAS

A palloza é unha construción propia da alta montaña luguesa. Hoxe consérvanse algunhas nos Ancares e no Cebreiro. Hai uns anos extendíanse desde A Fonsagrada ata a serra do Courel.

É un tipo de vivenda moi primitiva tanto na súa forma como nas súas estruturas. É unha unidade na que se integra a vivenda e todas as dependencias necesarias nunha casa agro-gandeira: corte, forno, almacén...

A planta pode ser redonda, elíptica, oval, rectangular-redondeada...


A construción está realizada cos materiais do contorno aplicando técnicas elementais. Nas paredes úsase xisto e pedra de gran.

Madeira de castiñeiro ou de carballo para vigas e soportes e palla centea para a cuberta.

Os vans son reducidos e escasos para evitar perdas de calor. O interior está dividido en dúas partes por unha parede que separa a zona do gando (estravariza) da das persoas. Enriba da estravariza hai unha división horizontal (barra) que serve de almacén de herba e palla para o inverno, e como dormitorio no verán. O piso é terreo agás na zona da lareira que vai enlousado. Nalgúns casos constrúense tabiques de madeira para delimitar un cuarto de durmir. O arquitecto Pedro de Llano catalogou no ano 1984, 300 pallozas nos concellos de Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, A Fonsagrada, Navia de Suarna e Pedrafita do Cebreiro, das que 50 estaban habitadas e o resto adicadas a cortes ou palleiras.



Palloza en Piornedo



Interior dunha das pallozas habilitadas como museo nas que se amosa a sinxeleza da vida da xente que as habitaba, e a súa habilidade e inxenio para darlle solución aos problemas de cada día



Hórreo en Piornedo. O hórreo segue a cumprir as súas múltiples funcións: gardar a colleita e manter ao resguardo a leña e os aveños do traballo (en tempos o carro e o arado e hoxe o remolque e outras ferramentas que move o tractor).

Palloza en Piornedo (aprox 1980). A palloza adáptase ao terreo e encáixase nel para protexerse dos ventos, e illase da humidade cunha canle (viela) que recolle e conduce lonxe das paredes a auga. A altura do cumo serve para darlle inclinación á cuberta e favorecer o escoado da auga, e para permitir que o fume se eleve.

